

► Homenaxe aos náufragos

Ana Gil



Afundimento do "Mar Noso"

Cada ano, nesta revista, facémoslle unha modesta homenaxe aos náufragos dunha embarcación máis ou menos coñecida, sempre gardando relación con mariñeiros de Bueu ou cando menos do Morrazo.

Pero este ano non queremos limitarnos só a este entorno e lembrarémonos esta vez de todos, enviando dende estas follas unha solidaria lembranza para os familiares dos que máis recentemente perderon as súas vidas tan perto da casa.

10 de marzo: Santa Ana, un arrastreiro de 35 metros de eslora. Era un pesqueiro galego con bandeira portuguesa que, facendo a campaña da xarda ou cabala en Asturias, embarranca contra a illa da Herbosa perto do Cabo Peñas. Nove tripulantes e só un sobrevivente.

2 de abril, Mar de Marín (na ría de Vigo). Outro arrastreiro con base en Marín. Un estranxo e inexplicable choque entre o pesqueiro e o mercante Baltic Breeze, faino afundirse en poucos minutos. Resultado: dos dez tripulantes, cinco sobreviven e cinco faleceron.

17 de abril: O Mar Noso, de novo un arrastreiro de 183 toneladas e 32 metros de eslora, con base en Marín e de bandeira portuguesa, naufragaba tamén en augas asturianas. Doce tripulantes, cinco mariñeiros galegos e dous portugueses, sobreviven, outros cinco perecen.



Mar de Marín

Non abondará unha xeración, nin dúas... para que todos eles sexan esquecidos. Seino por experiencia.

Hoxe en día vemos como moitos logros ou privilexios sociais van desaparecendo. Por culpa da crise, dinnos, aínda que non é así exactamente... Hai certos matices e intereses en cada logro perdido. Sempre desaparecen por algúns motivo, conveniencia ou interese de alguén.

En honor aos nosos mariñeiros queremos facer unha reflexión. Moitos anos atrás existían unha serie de centros, internados, onde se acollían as fillas e fillos de todos estes náufragos. Eran os colexios dos fillos e fillas do mar :

-Residencia en Mosteirón, Sada (A Coruña) Este era o internado feminino que dependía do Instituto Social da Mariña, ISM. Hoxendía, chámase CEIP Mosteirón e depende da Xunta (Conseillería de Educación e Cultura) como todos os demás colexios públicos no que quedou convertido.

-Residencia de orfos do mar en Panxón (Vigo)
Colexio masculino.

-Colexio Picasso en Sanlúcar de Barrameda (Cádiz).

Todos eles deixaron de facer a función social para a que no seu momento foron creados. Neste caso non foi a crise a causante de dita desaparición. Tam pouco é porque xa non queden orfas nin orfos hoxendía. Foi algo planeado?, programado?, desexado? Ou quizais deixadez, desinterese? Logo... a quien lle pode interesar ou beneficiar esta desaparición?

Ás veces parece que a sociedade retrocede en vez de avanzar. Se cadra, en vista do que estamos a vivir, pódese pensar en volver a recurrer a este tipo de centros. Orfanatos, si, poida que non soe ben, pero cumpriron con creces o seu obxectivo. Sen dúbida contribuíron a educar e formar a un colectivo de nenos e nenas que, dadas as súas desgrazadas circunstancias, quedaban en grave risco de exclusión social.

Todos aqueles mariñeiros mencionados ao principio deste artigo, tiñan familias.

Algúns seguro que fillas ou fillos. Necesitarán o apoio dunha institución similar ás mencionadas?

Que podemos facer por eles nestes tempos de crise que nos toca vivir? A quien lle compete atender tal demanda?